

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSOS: 3º ESO
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 8-5-2020

XEFE DO DEPARTAMENTO: JESÚS MARTÍN CARRASCO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3^o trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</p>	<p>Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</p>
	<p>Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións</p>
<p>Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana</p>	<p>Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas</p>
<p>Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos</p>	<p>Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</p>
<p>Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia</p>	<p>Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</p>
	<p>Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</p>
<p>Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</p>	<p>Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</p>
<p>Coñecer os mitos e os heroes</p>	<p>Recoñece e ilustra con exemplos o</p>

grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais	mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
	Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais	Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas
Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.
Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.
Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria	Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos

	posteriores.
Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo	Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.

2-Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Traballo co ordenador: elaboración de táboas e gráficas.</p> <p>Análise de textos xeográficos e históricos</p> <p>Preguntas pechadas e abertas, de selección múltiple, de emparellamento, ...</p> <p>Análise e interpretación de mapas.</p> <p>Elaboración de esquemas.</p> <p>Elaboración de eixes cronolóxicos</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escala de observación (numéricas e descritivas)</p> <p>Diario</p>
Cualificación final	<p>Nota media da primeira e segunda avaliación + ata 2 puntos en función das tarefas realizadas dende o 13 de marzo, en función de se manifestan unha evolución ou consolidación por parte do alumnado co respecto aos estándares traballados. Se non houberse tal consolidación ou evolución, non se perxudicará a nota media..</p> <p>O alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas terá a oportunidade de recuperala durante este período, e terase en conta dita recuperación para a cualificación final.</p> <p>As tarefas que se entregan fora de prazo, unha vez corrixidas, non serán estimadas para a nota.</p> <p>Para recuperar avaliacións pendentes é imprescindible presentar todos os traballos encomendados dende o primeiro trimestre ata a derradeira semana do curso.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro a proba consiste nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo.</p>

Alumnado de materia pendiente	Non procede
--------------------------------------	-------------

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades	<p>As tarefas son de 3 tipos: de recuperación, de reforzo e de ampliación.</p> <p>As de recuperación son para aquel alumnado que suspendeu unha ou as dúas avaliacións, e terá que traballar durante este período para recuperar.</p> <p>As de reforzo e ampliación son para o alumnado que non ten que recuperar, e que tivera tanto notas baixas dentro do aprobado como altas:</p> <p>Localización nun mapa da conca do Mediterráneo das colonias gregas.</p> <p>Localización nun mapa da conca do Mediterráneo das distintas etapas de expansión dos romanos.</p> <p>Realización de eixos cronolóxicos de Grecia e de Roma.</p> <p>Exercicio de relacionar deuses gregos e romanos cos seus atributos, trazos e ámbitos de influencia.</p> <p>Tarefa de documentación sobre as características da lingua latina</p> <p>Análises comparativas dos mitos de Aradne e Ifigenia.</p> <p>Elaboración power point sobre tipos de vivendas e vilas romanas.</p> <p>Creación dun cuestionario tipo test a partir dun texto sobre arte grega.</p> <p>Exercicio de recoñecemento dos principais monumentos romanos de España.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Os luns a primeira hora (8:30) o profesor colga as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen a explicación das mesmas, os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como</p>

	<p>prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado polo profesor.</p> <p>Durante a semana o profesor vai resolvendo dúbidas, corrixindo as tarefas segundo van chegando e comunicándolle ao alumnado o resultado da mesma.</p> <p>O fin de semana o profesor colga na aula virtual as solucións das tarefas.</p>
Materiais e recursos	Documentos (textos, mapas, gráficos, ...) aportados polo profesor, páxinas web

4- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesor utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.